VENTO, VENTIÑO, VENTEIRO é un libro de poemas de Antonio García Teijeiro, un escritor de Vigo que está namorado da poesía.
As ilustracións están feitas por María Lires, unha ilustradora de A Coruña.



1. Arrastra as palabras que se escaparon do poema e colócaas no seu lugar.

Están moi cansas as barcas
aló no medio do _____
Semella que están durmindo
E non queren _____
O vento está a acariñalas
Cos seus _____ pillabáns.
As barcas están _____
E parecen non notar
Os aloumiños e _____
que o _____ lles quere dar.

Dormen as _____ cansadas
Aló no medio do mar.

espertar.
durmidas
mar.
barcas
vento
beixos
dedos

2. Le o poema con calma. Despois une cada tipo de baile coa rexión onde se baila.

Baila o vento coas nubes
unha danza de algodón.
Talvez sexa unha sardana,
a muiñeira ou charlestón.
Molla a chuvia os bailaríns
cunhas pingas de colores.
Eles danzan ben felices
sobre unha alfombra de flores.

Sardana	Galicia
Muiñeira	EEUU
Charlestón	Cataluña

3. Le o poema e responde ás preguntas:

Un ventiño ten Antón
ben agochado na man.
Pídenllo moitos rapaces;
el non o quere soltar.
Noa, ruliña xeitosa,
faille cóxegas nos dedos.
A man ábrese ditosa.
O vento foxe lixeiro.

- Que ten Antón na man?
- Quen llo pide?
- Onde lle fan cóxegas?
- Como foxe o vento ao final?

4. Le o poema da páxina 20 "Sei dun vento mentireiro" e despois une cada palabra coa súa definición:

trabalinguas	Narración de feitos fantásticos e aventuras que se contan de maneira oral, para entreter, ou por escrito, como un relato literario breve.
contos	Composición cantada.
adiviñas	Palabra ou conxunto de palabras que resulta difícil de pronunciar sen se trabucar e que pode servir de xogo.
cantares	Enigma ou pregunta enxeñosa para entreterse en acertar a resposta.

5. Completa este poema coas palabras de Antonio G. Teijeiro. Intenta recordalas.

Vento, ventiño, venteiro

_____

Vento, ventiño, ventón

_____

Vento, ventiño, venteiro

_____

Vento, ventiño, ventón

_____

6. Arrastra o final de cada estrofa para colocala no seu lugar:

Vento, ventiño,
que vés do norte,
sabes de todo.

Vento, ventiño,
que vés do norte,
voas ben alto,

Vento, ventiño,
que vés do norte,
nesta terriña

Vento, ventiño,
que vés do norte,
dorme comigo,

Vento, ventiño,
que vés do norte,
dános un beixo

berran moi forte.

fíxose noite.

voas ben lonxe.

Tes moita sorte.

cálido e doce.

7. Completa o poema coas palabras seguintes:

sur –tolo – prata – feliz – ollos – nácara – durmir - azul

Había un ventiño
que non tiña _____
Había un ventiño
con cara de _____

Había un ventiño
vestido de _____
Había outro vento
que viña do _____

Había un ventiño
con lentes de _____
Había outro vento
con lentes de _____

Os ventos que había
están a _____
Calade, meniños,
a noite é _____

8. Busca nomes de animais que aparecen no libro "Vento, ventiño, venteiro" dentro desta sopa de letras.

RULIÑA – REISEÑOR – PEIXIÑO –ANDORIÑA – MERLO – GAIVOTA – CEBRA – ARAÑA – PARDAL – ABELLA

O	G	Y	A	P	L	S	M	E	R	L	O	C	I
Z	H	B	C	H	L	C	M	H	H	J	Z	E	O
V	Q	L	A	B	E	L	L	A	Q	N	Q	B	E
Y	L	S	X	A	R	A	Ñ	A	G	G	Q	R	V
V	Q	X	I	J	S	M	N	D	Y	A	A	A	Q
F	N	O	P	K	I	P	Q	U	X	I	N	F	J
R	Q	W	R	W	F	K	T	D	I	V	H	M	T
Q	R	E	I	S	E	Ñ	O	R	C	O	Y	J	J
O	R	M	V	W	W	S	K	P	Z	T	A	Q	J
A	N	D	O	R	I	Ñ	A	U	B	A	Z	S	P
F	Z	Y	B	G	D	V	Y	M	M	T	V	T	K
X	L	L	O	O	B	K	P	E	I	X	I	Ñ	O
T	M	C	E	B	P	H	X	R	U	L	I	Ñ	A
A	P	A	R	D	A	L	O	P	R	P	D	D	C